



## MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE A GARANTÍA E FORTALECIMENTO DO SISTEMA PÚBLICO DE PENSÍONS

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:


### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A garantía da sostibilidade do sistema de pensións ten que ser un obxectivo irrenunciable de calquera Goberno, porque as pensións non só son un dereito, senón tamén un indicativo de progreso e unha conquista democrática. Son o eixe do Estado social que se debe manter á marxe de liortas políticas ou de ideoloxías.

Coa finalidade de manter ese sistema fundamental, hai 22 anos (en abril de 1995) aprobouse no Congreso dos Deputados o Pacto de Toledo, un documento que contou co consenso de todas as forzas parlamentarias –e posteriormente tamén dos sindicatos maioritarios do país- para analizar os problemas estruturais do sistema de seguridade social e definir as reformas que deberían acometerse para a súa continuidade ao longo dos anos.

A principal causa do déficit actual da Seguridade Social non está hoxe no plano estrutural, porque as reformas acometidas nos últimos tempos sitúan a España nunha mellor posición para afrontar os retos das pensións a medio e longo prazo. As dificultades do sistema teñen unha causa temporal: proveñen da cantidade de empregos destruídos. Case o 70% do deterioro neto da saúde financeira do sistema durante o período 2009-2013, coincidindo cos peores momentos da crise, debeuse de forma exclusiva á redución de ingresos por cotizacións derivadas da importante redución de emprego.

Aínda que a paulatina creación de emprego e o incremento das cotizacións dos últimos meses –con un incremento interanual do 3,4%- teñen contribuído a iniciar o proceso de estabilización das contas da Seguridade Social, existe unha lóxica preocupación pola continuidade do sistema. E iso a pesar de que as pensións foron ata o de agora garantidas por todos os gobernos e mesmo na actualidade se ten establecido por lei unha constante suba, aínda que moderada. Pero o certo é que o desaxuste entre ese crecemento moderado e o crecemento real do IPC, xunto co feito de que se teña recorrido de forma extraordinaria durante décadas ao fondo de reserva da Seguridade Social, como un instrumento para financiar os desfases entre ingresos e gastos derivados da destrución de emprego, teñen propiciado unha inquedanza manifesta sobre o futuro do sistema.




Conscientes desta situación e da necesidade de apoiar medidas para garantir e fortalecer o actual sistema de pensións, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta ao Pleno o seguinte

### ACORDO

***O Pleno do Concello de Santiago insta ao Goberno do Estado a articular cantas medidas se consideren necesarias no marco do Pacto de Toledo para:***

- 1. Garantir e fortalecer o sistema de pensións, incluíndo, de forma expresa a prohibición dos gobernos para tocar, recortar ou privatizar total ou parcialmente, o Sistema Público de Pensións.***
- 2. Procurar medidas para o mantemento do poder adquisitivo real das pensións, considerando esta cuestión prioritaria na política económica do Goberno do Estado.***
- 3. Promover o máximo consenso posible coas forzas políticas con representación parlamentaria na procura de desenvolver as medidas lexislativas que se consideren necesarias para asegurar de cara ao futuro o Sistema Público de Pensións.***

Santiago a 14 de febreiro de 2017



Agustín Hernández  
Portavoz do Grupo Municipal Popular